

PROGRAMA EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO 24-25

Confía



DATOS DE INTERESE

Nome do centro: CPR Plurilingüe Don Bosco – Salesianas Vigo

Titularidade: Privado – relixioso con concerto pleno nas tres etapas

Enderezo: Rúa Estrada nº 5 36209 Vigo

Teléfono: 986 23 11 49

Correo electrónico: mar.mera@salesianas.org

anabel.alonso@salesianas.org

oscar.villar@salesianas.org / natalia.gomez@salesianas.org

Canales youtube: Cpr Don Bosco / Infantil Don Bosco

Twitter: [@SalesianasVigo](https://twitter.com/SalesianasVigo)

Facebook: [DonBoscoVigo](https://www.facebook.com/DonBoscoVigo)

Instagram: [salesianas_vigo](https://www.instagram.com/salesianas_vigo)

Página web: vigo.salesianas.org



SETEMBRO 2024



MONDAY

TUESDAY

WEDNESDAY

THURSDAY

FRIDAY

SATURDAY

SUNDAY

						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11 VUELTA AL COLE	12	13	14	15
16	17 REUNIÓN COAS FAMILIAS 	18	19	20	21	22  OUTONO
23  NAIARA	24	25	26	27	28	29
30 XORNADA DE ORIENTACIÓN Confía						

ÓRGANOS UNIPERSOAIS DE GOBERNO

DIRECTORA TITULAR

Ana Belén Salgado
Rodríguez

DIRECTORA PEDAGÓGICA

Maruxa Pérez Lacaba

XEFA DE ESTUDOS

Ana Belén Salgado
Rodríguez

SECRETARIA XUNTA

Marián López Saavedra

COORDINADORA DE PASTORAL

Mercedes Hoyos González

ADMINISTRADORA E SECRETARIA

Nancy Emilia Vaqueiro Blanco
Tamara Barrasa García

PORTERÍA-RECEPCIÓN

Leticia Rodríguez González

COORDINADORAS DE ETAPA

Infantil: Mar Mera Parajó/ Natalia
Gómez Compadre
Primaria: María López Peroja
ESO: Marián López Saavedra



OUTUBRO 2024



MONDAY

TUESDAY

WEDNESDAY

THURSDAY

FRIDAY

SATURDAY

SUNDAY

	1  CAMBIO DE HORARIO XORNADA PARTIDA	2	3	4 DÍA DE S. FRANCISCO DE ASÍS  DÍA DO SORRISO	5	6
7	8	9	10	11	12  LEIRE	13
14 SEMANA DO DOMUND	15  DÍA DAS ESCRITORAS	16	17	18	19	20  DOMUND
21	22	23	24  DÍA DA BIBLIOTECA	25	26	27 
28	29	30  FESTA DO SAMAÍN OBRADOIRO CON FAMILIAS	31  DÍA DO ENSINO NON LECTIVO			

PROFESORADO DE INFANTIL

4º de Educación Infantil	Mar Mera Parajó
5º de Educación Infantil	Anabel Alonso Priegue
6º de Educación Infantil	Óscar Villar del Río/ Natalia Gómez Compadre
Mestra de Inglés	Arantxa González Patiño
Mestre de Psicomotricidade	Arantxa González Patiño
Mestre de Audición e Linguaxe	Ana Salgado Rodríguez
Pedagogía Terapéutica	Ana Salgado Rodríguez/ Mercedes Hoyos González
Auxiliar de Conversa	Molly
Orientadora	Teresa Fernández Álvarez



NOVEMBRO 2024



MONDAY

TUESDAY

WEDNESDAY

THURSDAY

FRIDAY

SATURDAY

SUNDAY

				1  DÍA DE TODOS OS SANTOS NON LECTIVO	2	3
4	5	6	7	8  FESTA DO MAGOSTO	9	10
11  LEIA	12  EDUCAMOS XUNTOS	13 VISITA AO MUSEO MARCO MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO	14	15	16	17  ERICK
18	19	20  DÍA DA INFANCIA	21	22	23	24
25  DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	25	27	28  16:20 REUNIÓN VESTIARIO DE NADAL	29	30	

SERVIZO DE COMEDOR

EMPRESA XESTORA	Arume	
PERSOA DE CONTACTO	Nancy Emilia Vaqueiro Blanco/ Tamara Barrasa García/ Leticia Rodríguez González.	
HORARIO DE XANTAR	De Outubro a Maio	Ás 12:30 h do mediodía, excepto os que teñan unha actividade extraescolar, que entrarán ás 13:30 h.
	Setembro e Xuño Venres de todo o curso	Ás 14:00 h do serán.
PATIO DE COMEDOR	De Outubro a Maio	Despois de xantar terán un tempo de xogo dirixido no patio de infantil ata que comecen de novo as clases.
	Setembro e Xuño Venres de todo o curso	Despois de xantar estarán xogando no patio de infantil ata as 14:45 h, momento de vir a recollelos (como marxe ata as 15:00 h), pola rúa Salvaterra.
AVISOS COMEDOR	Calquera incidencia ou aviso por parte das familias comunicando a ausencia dun neno/a ao comedor, tedes que facelo a través de esemtia a <i>recepción vigo-pas</i> .	



DECEMBRO 2024



MONDAY

TUESDAY

WEDNESDAY

THURSDAY

FRIDAY

SATURDAY

SUNDAY



ADVENTO

2

3



4

5

6



7

8



9



10



11

12

13



14

15

16

15:30 FESTIVAL DE NADAL



17

18

19

20



21



22

23

24

25



26

27

28

29

30

31



SERVIZO SANITARIO DO SEGURO ESCOLAR "GENERALLI"

Os accidentes ocasionados no tempo de xornada escolar e nas actividades unidas ao mesmo (paseos e visitas, excursións, saídas para convivencias, campamentos e calquera outra actividade escolar ou extraescolar, sempre que se leven a cabo baixo a vixilancia de titores e non teñan unha duración superior a 30 días), incluídos os accidentes durante o traxecto necesario dende o domicilio ao centro e viceversa.

Estes accidentes atenderanse co parte colexial, en:

Centro Hospitalario HM Hospitales
Rúa Manuel Olivie, 11 (O Castro) Vigo
Teléfono: 986 41 14 66.

SERVIZO DE MADRUGADORES INFANTIL

Para aqueles nenos/as que o precisen, o Centro estará aberto dende as 7:45 h. A entrada farase pola porta da rúa Salvaterra antes das 8:45h.

SERVIZO DE RECOLLIDA TARDÍA

Para aqueles nenos/as que o precisen, o Centro oferta un servizo de recollida tardía de 16:30 h a 17:15 h de luns a xoves, e de 15:00 h a 16:00 h os venres, nos meses de setembro e xuño.



XANEIRO 2025



MONDAY

TUESDAY

WEDNESDAY

THURSDAY

FRIDAY

SATURDAY

SUNDAY



2

3

4



MATEO

5

6



ENYA

7

8

VUELTA
AL COLE

9



ELISA

10

11

12

13

14

15

16

17

18

19

20

21



DÍA DO ABRAZO

22

23

24



DÍA DA EDUCACIÓN

25

26

27

28

29

30



DÍA DA PAZ

31

FESTA DE
DON BOSCO



SERVIZO DE SECRETARÍA

Horario: Luns, mércores e venres de 10:00 h a 12:00 h, e os martes e xoves de 15:00 h a 16:00 h.

Secretaria: Nancy Emilia Vaqueiro Blanco/ Tamara Barrasa García.

Cita previa: Enviando un esemtia a *administración – secretaría Vigo – PAS* e indicando o tema a tratar.

HORARIO DE ENTREVISTAS COS TITORES

4º Ed. Infantil: Mércores de 16:30 h a 17:30 h

5º Ed. Infantil: Mércores de 16:30 h a 17:30 h

6º Ed. Infantil: Mércores de 16:30 h a 17:30 h

Pódese solicitar a través de esemtia, unha titoría coa titora.



FEBREIRO 2025



MONDAY

TUESDAY

WEDNESDAY


THURSDAY

FRIDAY

SATURDAY

SUNDAY

					1	2
3 NOA	4	5 VEGA	6	7 SOFÍA	8	9
10	11 EDUCAMOS XUNTOS	12	13	14	15 DÍA DA AMIZADE 	16
17	18	19	20	21	22	23 DÍA DE ROSALÍA
24	25 OBRADOIRO DE ENTROIDO	26 MATÍAS	27	28 FESTA DE ENTROIDO		

A group of approximately 12 children, mostly of preschool age, are standing in a circle on a colorful puzzle-piece floor mat. They are all wearing matching orange and white checkered long-sleeved shirts. The background is a green wall decorated with various children's drawings, including fish, a clock, and a heart. To the right, there is a white storage cabinet with colorful labels. The overall atmosphere is bright and cheerful.

ACTIVIDADES DE PASTORAL

O colexio, fiel ao seu ideario cristián, realiza ao longo do curso diferentes actividades co fin de facilitarlle aos nenos/as a asimilación, dende pequenos, de valores humanos e cristiáns que consideramos fundamentais no seu desenvolvemento integral.

Con esta intención, ao longo do curso, organízanse diferentes campañas: Domund, Colaboración na Gran Recollida do Banco de Alimentos de Vigo, Operación Kilo, Mans Unidas-Xaxún voluntario, e o Domisal.

O Domisal é un proxecto solidario das Salesianas que busca apoiar obras salesianas que requiren axuda. Cada ano, este proxecto enfócase nunha causa específica, permitindo á comunidade educativa involucrase a través de actividades de recadación e sensibilización.

Na páxina web e no blog (<http://salesianasvigo.blogspot.com/>), podedes estar ao día do que facemos e de cómo traballamos todas as actividades.

Contia



MARZO 2025



MONDAY

TUESDAY

WEDNESDAY


THURSDAY

FRIDAY

SATURDAY

SUNDAY

					1	2
3 	4 	5 	6	7	8  DÍA DA MULLER	9
10 SEMANA DA PRENSA  SEMANA VOCACIONAL	11	12	13	14	15 DÍA DOS DEREITOS DO CONSUMIDOR 	16
17	18	19	20  PRIMAVERA	21  DÍA DA POESÍA	22	23
24	25	26	27  DÍA DOCE FIN 2º TRIMESTRE	28  DÍA DA RECONQUISTA NON LECTIVO	29 	30 
31 						

A background image showing a classroom setting. In the foreground, a young girl with brown hair and a white shirt is smiling. Behind her, another child is partially visible, holding a blue patterned cloth. In the background, other children are standing near a shelf filled with colorful toys and clothing, including a pink shirt and a blue backpack.

Lema do curso: CONFÍA

OBXECTIVOS DO CURSO 2024/25

- 1. Fomentar a confianza nun mesmo e nos demais, descubriendo a MAXIA de CONFIAR.** Queremos que os/as nenos/as aprendan a sentirse seguros/as e a apoiarse entre eles/as, descubriendo que a verdadeira MAXIA xorde ao CONFIAR en si mesmos/as e traballar xuntos/as.
- 2. Practicar a gratitude e o perdón.** Ensinamos a ser agradecidos/as e a perdoar, fomentando relacións positivas e respectuosas.
- 3. Deseñar ambientes de aprendizaxe que promovan a atención á diversidade e a aprendizaxe colaborativa.** Crearemos espazos flexibles que se adapten ás necesidades individualizadas de cada neno/a, respectando o seu ritmo de aprendizaxe e fomentando a participación activa a través de actividades prácticas e proxectos significativos que conecten coa súa vida cotiá.
- 4. Establecer un sistema de avaliación que respecte o ritmo de cada/a alumno/a.** Crearemos unha avaliación sinxela e clara que mostre o progreso de cada neno/a nas actividades, axudando ao titor/a para saber se están a adquirir os contidos da programación que se imparten nos ambientes de aprendizaxe.
- 5. Fomentar a solidariedade e a empatía.** Os/as nenos/as aprenderán a ser solidarios/as e a apoiar aos seus compañeiros/as, construíndo unha comunidade de confianza e respecto.



ABRIL 2025



MONDAY

TUESDAY

WEDNESDAY

THURSDAY

FRIDAY

SATURDAY

SUNDAY

1

DÍA DAS ARTES GALEGAS

2

3

4



SAÍDA FORESTAL

5

6



DÍA MUNDIAL
DA SAÚDE

8

9

10

11



ANDAINA
SOLIDARIA

12

13



DOMINGO
DE RAMOS

14

15

16

17



XOVES SANTO

18



VENRES SANTO

19

20



PASCUA

21

22

VUELTA
AL COLE
GRACIAS
SEMANA DA
GRATITUDE

23



DÍA DO LIBRO

24

25

26

27



DÍA DA
FAMILIA

28

29



ÁNGEL

30



HORARIO ESCOLAR PARA INFANTIL

ENTRADAS

MAÑÁ: 9:05 h
TARDE: 14:30 h

SAÍDAS

(A porta abrírase 10 minutos antes, excepto ao mediodía de luns a xoves, que se abrirá en punto.)

Setembro, xuño e venres de todo o curso: 14:00 h

Outubro a maio:
MAÑÁ: 12:30 h
TARDE: 16:30 h

Rógase puntualidade á hora de entrada e saída dos nenos e nenas ao centro.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Os primeiros días de escola enviarase unha nota informativa con todas as actividades extraescolares que organiza a ANPA e o Centro. A persoa responsable de coordinar estas actividades é Javier Alfaya (mestre de Primaria) a quen vos teredes que dirixir se tedes algunha incidencia ou dúbida.



MAIO 2025



MONDAY TUESDAY WEDNESDAY THURSDAY FRIDAY SATURDAY SUNDAY

			1 DÍA DO TRABALLO NON LECTIVO	2 NON LECTIVO DÍA LIBRE DISPOSICIÓN	3	4
5 SAÍDA AO TEATRO	6	7	8 FESTA DOS MAIOS OBRADOIRO CON FAMILIAS	9 DÍA DE EUROPA	10	11
12 SEMANA DAS LETAS GALEGAS	13 FESTA DE MAÍN SAÍDA Á GRANXA	14	15	16 VALENTINA	17	18
19	20	21	22 SAMUEL	23 FESTA DE MARÍA AUXILIADORA	24 DÍA DE MARÍA AUXILIADORA	25
26	27	28 JAVIER	29	30 DÍA DOCE	31	



Horario 5º EI

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres
9:05 10:00	Proxecto	Lóxica matemática 123	Lóxica matemática 123	Proxecto	9:05 10:00 Lectoescritura ABC
10:00 10:50	Lectoescritura ABC	English	Lectoescritura ABC	Lóxica matemática 123	10:00 11:00 Psicomotricidade English
10:50 11:20	10:50 11:20 RECREO				11:00 11:50 Estimulación da linguaxe
11:20 12:30	Xadrez	Do You speak English?	Do You speak English?	Plástica	11:50 12:20 RECREO
	COMEDOR				12:20 13:10 Valores
14:30 15:30	Música	Robótica	AMBIENTES DE APRENDIZAXE		13:10 14:00 Recunchos
15:30 16:30	Recunchos	Protagonista da semana			COMEDOR



XUÑO 2025



MONDAY

TUESDAY

WEDNESDAY

THURSDAY

FRIDAY

SATURDAY

SUNDAY

						1
2  CAMBIO DE HORARIO XORNADA ÚNICA	3	4	5  DÍA DO MEDIO AMBIENTE	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15  SAÍDA DA COMUNIDADE EDUCATIVA
16  MARIÑA	17	18	19	20  DÍA DOCE FIN DO 3º TRIMESTRE	21  VERÁN	22
23	24	25 INFORMES 	26	27	28	29
30						

OS NENOS E NENAS DOS CATRO AOS CINCO ANOS

Interésanse moito por todo o que lles rodea e gozan aprendendo sobre diferentes temas: a orixe das cousas, a natureza, a reprodución e o nacemento. Tamén sobre o sexo, e a morte.

Gústalles experimentar e buscar distintas estratexias para chegar ao resultado desexado. Poden descubrir os detalles das cousas. Teñen un maior axuste da realidade. Comezan a anticipar as súas accións e a crear hipóteses e a avalialas despois. Gústalles crear e repetir as cousas xa realizadas.

Comezan a realizar verdadeiros intercambios onde pouco a pouco, teñen en conta as ideas e propostas dos outros para enriquecer as propias. Comezan a comprender os sentimentos doutras persoas.

As amizades son cada vez máis importantes. É habitual velos cun amigo preferido compartindo con el a maior parte das súas actividades. Comezan a diferenciarse os intereses entre as nenas e os nenos.


Tamén pasan por un período de rabietas e negativismo, pero poden falar do seu enoxo e exercer un maior control sobre os impulsos e sentimentos.

Permanecen moito máis tempo realizando calquera actividade e gústalles rematar o seu traballo. Poden realizar cousas por etapas. Síntense maiores; gústalles ter responsabilidades e coidar dos pequenos.

Gústalles moito o xogo dramático e os títeres. Atópanse na etapa do xogo simbólico, socializado e cooperativo, e elixen a outros para compartilo. No xogo, incorporan papeis que non son da vida familiar, pero que case sempre están relacionados con experiencias vividas. Encántalles disfrazarse. "Planifican" o xogo, distribuindo papeis e asignando función a cada participante.

O xogo vólvese máis competitivo. Comezan a organizarse os xogos grupais, empezan a respectar quendas, e a cumprir algunhas regras establecidas e, ademais, crean as propias.

Conversan incesantemente, aínda que, ninguén os escoite. A linguaxe é un verdadeiro medio de comunicación, cada vez máis preciso, claro e detallado. Contan historias mezclando ficción e realidade. É unha etapa rica en fantasías. Gozan do relato de contos, especialmente dos fantasiosos e disparatados, os cales poden recrear cada vez con maior precisión.



Utilizan a pregunta como un medio moi importante na súa aprendizaxe. Os seus “porqués” vincúlanse máis a finalidade que a causa. Son capaces de elaborar unha historia lóxica con imaxes.

Teñen sentido do humor. Gústalles o divertido e disparatado. Gozan das esaxeracións.

Comezan a interesarse cada vez máis pola lectura e a escritura, como algo para coñecer e investigar. Poden recoñecer os nomes escritos. Comezan a ensaiar escrituras propias.

Tamén están descubrindo os números e a súa utilidade. Pouco a pouco irán relacionando o signo co seu significado e rematarán por descubrir no número unha ferramenta útil para arranxar algunhas situacións cotiás.

Necesitan cos seus debuxos se asemellen a realidade; ensaian varios “deseños” ata atopar o que máis lles agrada, e intentan establecer unha relación co que queren representar. Os seus debuxos comezan a ser máis detallados e recoñecibles.

Póñenlles nome con intención. O espazo e a cor son usados emocionalmente, debuxan máis grande o que máis lles gusta. A figura humana irá evolucionando. Debuxan a cabeza, tronco, partes da cara, brazos e pernas ben ubicados. Poden respectar os límites da folla onde debuxan. Interésalles o destino dos seus produtos e conservar as súas obras.

Coas pezas, cubren grandes superficies coas súas construcións. Planean algunhas construcións e invitan a outros a participar. Integran máis accesorios e póñenlles nome.

Manexan o lapis e as tesoiras con facilidade, aínda lles resulta difícil recortar figuras pequenas. Poden alcanzar metas máis precisas sinaladas pola mestra ou mestre.

Gozan do dominio que teñen sobre o seu corpo. Teñen unha maior coordinación manual que lles permite abrochar, trasvasar, encaixar e enfiar.

Comezan a interesarse polo corpo, polo que sucede dentro e as súas funcións. O seu pensamento é intuitivo, máis adaptado a realidade que na etapa anterior.

Non só manexan relacións espaciais co seu propio corpo, senón que tamén relacionan dous obxectos entre si. A súa ubicación temporal é deficiente, aínda viven máis que nada no presente. Comezan a comprender, en situacións concretas, o pasado e o futuro.

CONTO VIAXEIRO

Os nenos e nenas levarán cada xoves ou venres unha carpeta cun conto seleccionado para volver a traelo o luns ao Centro.

Neses dous días a familia debe contarlle o conto e permitirlle que o manipule, fomentando sempre o hábito de coidado dos materiais.

Traballarase con libros adaptados á idade dos nenos e nenas, e nas tres linguas (castelán, galego e inglés). Os títulos seleccionaranse polas familias. Primeiro rotarán polas casas e despois devolveránselles aos nenos/as.

ANIVERSARIOS

O día do Aniversario do neno ou nena, só se poderá traer á clase a coroa e unha bolsa de sugus, mix ou gumis (non se poderán preparar os caramelos en bolsas). Os nenos e nenas repartiranos na clase de un en un.

DÍAS DOCES



Haberá catro Días Doces ao longo do curso, cada un ao remate do trimestre. De maneira que os nenos e nenas que cumpran anos en cada trimestre serán os encargados de organizalo. Poñerémolos ás familias implicadas de acordo, para que traiares algo conxunto. O reparto será o seguinte:

Día Doce 1º trimestre: roscón.

Día Doce 2º trimestre: ovo de chocolate.

Día Doce 3º trimestre : pincho de froita con biscoito.

Día Doce verán: xeado.





XULLO 2025



MONDAY

TUESDAY

WEDNESDAY

THURSDAY

FRIDAY

SATURDAY

SUNDAY

1

2

3



OLIVIA

4

5

6

7

8

9

10

11

12

13

14

15

16

17

18

19



MARTÍN

20

21

22

23

24

25



DÍA DE GALICIA

26

27

28

29

30

31



SAÍDAS

Os nenos/as realizarán unha saída educativa fóra do Centro como mínimo unha vez ao trimestre, exceptuando os nenos/as do curso de 4º de Educación Infantil, que saíran o primeiro trimestre a criterio da titora.

No último trimestre realizarase unha saída conxunta de todos os nenos/as de infantil durante a xornada escolar, a cal será próxima ao 13 de maio, día de Madre Mazzarello.

OBRADOIROS CON FAMILIAS

En Educación Infantil consideramos de gran importancia o achegamento da familia ao colexio e por isto organizamos obradoiros cos nenos/as e maila familia. Estas son situacións moi motivadoras e chamativas que van dende manualidades ata receitas de cociña, danzas, etc.

Esta actividade será preferiblemente pola tarde e a ela poderán asistir un número limitado de pais ou nais. Realizarase un obradoiro por trimestre.



AGosto 2025



MONDAY TUESDAY WEDNESDAY THURSDAY FRIDAY SATURDAY SUNDAY

				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15 	16 	17  DANIELLA
18  ALBA MIRANDA	19	20	21	22	23  FERNANDO	24
25	26	27	28	29	30	31

AS VACACIÓNS DE... PROTAGONISTA DA SEMANA

Cada semana, un neno/a da clase será o protagonista. Para que esa semana sexa moi especial, necesitamos o seguinte material:

- **LUNS:** O protagonista levará ao colexio unha cartolina con fotos da súa vida. As fotos terán un pé de foto en GALEGO, para que a mestra poida axudarlles na exposición. Ao longo desa semana os protagonistas poderán levar ao cole: un conto, xoguete, etc., (preferido) para presentar aos seus compañeiros/as.
- **MARTES:** Teremos unha visita moi especial. A familia do protagonista virá ao colexio, en **horario de tarde**, para xogar, facer unha manualidade, etc. **(pero NON para repartir agasallos nin doces aos nenos e nenas)**. Teredes que preparar esa actividade con tempo, para comunicarllo á titora unha semana antes, por si fixera falta facer cambios. A temática estará relacionada co proxecto que se esté traballando nese momento. A familia responsabilízase de cumprir as datas marcadas para o proxecto. Subirase o cartel, e unha foto da actividade coa familia, ao Instagram do colexio.

PATRULLA ECOLÓXICA

A cotián un grupo de nenos/as da clase, responsabilizarase da reciclaxe dos puntos limpos da etapa de infantil. Serán os encargados de comprobar que a reciclaxe, tanto no patio como na aula, lévase a cabo de modo axeitado. Un día á semana na saída da tarde, depositarán, coa persoa adulta que o veña a recoller, os residuos xerados nos colectores correspondentes.

NOME DO ALUMNO/A	PROXECTO	SEMANA DO PROTAGONISTA	TRAE O MATERIAL AO COLE	VISITA DA FAMILIA
MARTÍN	Medios de comunicación	7 a 11 de Out.	15 de Outubro	15 de Outubro
MIRANDA	O universo	21 a 25 de Out.	21 de Outubro	22 de Outubro
ELISA		4 a 8 de Nov.	4 de Novembro	5 de Novembro
LEIRE		11 a 15 de Nov.	11 de Novembro	12 de Novembro
ENYA		18 a 22 de Nov.	18 de Novembro	19 de Novembro
SOFÍA		25 a 29 de Nov.	25 de Novembro	26 de Novembro
JAVIER	As tarefas domésticas	9 a 13 de Dec.	9 de Decembro	10 de Decembro
CARLOTA	Os xoguetes	13 a 17 de Xan.	13 de Xaneiro	14 de Xaneiro
NAIARA		20 a 24 de Xan.	20 de Xaneiro	21 de Xaneiro
MATÍAS	A Maxia	3 a 7 de Feb.	3 de Febreiro	4 de Febreiro
LEIA		10 a 14 de Feb.	10 de Febreiro	11 de Febreiro
DANIELLA	O Entroido	17 a 21 de Feb.	17 de Febreiro	18 de Febreiro
VEGA		24 a 28 de Feb.	24 de Febreiro	24 de Febreiro
FERNANDO	Os castelos	10 a 14 de Mar.	10 de Marzo	11 de Marzo
OLIVIA	Tipos de vivendas	17 a 21 de Mar.	17 de Marzo	18 de Marzo
ALBA	As plantas	31 Mar a 4 de Ab	31 de Marzo	1 de Abril
NOA		7 a 11 de Abril	7 de Abril	8 de Abril
MARIÑA	O Mar	5 a 9 de Maio	5 de Maio	6 de Maio
VALENTINA		12 a 16 de Maio	12 de Maio	12 de Maio
SAMUEL		19 a 23 de Maio	19 de Maio	20 de Maio
MATEO	Os transportes / a rúa	26 a 31 de Maio	26 de Maio	27 de Maio
ERICK		2 a 6 de Xuño	2 de Xuño	3 de Xuño
ÁNGEL		9 a 13 de Xuño	9 de Xuño	10 de Xuño



SETEMBRO 2025



MONDAY

TUESDAY

WEDNESDAY

THURSDAY

FRIDAY

SATURDAY

SUNDAY

1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23  NAIARA	24	25	26	27	28
29	30				  	

NORMAS PARA A ETAPA DE INFANTIL

CHÁNDAL	MANDILÓN	CALZADO	NOME	ASA
			ESTELA	
O chándal do colexio será obrigatorio para as clases de psicomotricidade así como para as saídas fóra do Centro.	Utilizarase o modelo do colexio. Un para comedor e outro para a clase.	O calzado será de velcro ou de fibelas. Non están permitidos os zapatos con cordóns.	A roupa utilizada no colexio, terá que estar marcada co nome en grande, letra maiúscula e nun sitio ben visible.	Tódalas chaquetas terán unha cinta para colocar no colgadoiro da clase.

BOLSA MERENDA	CUNCA	MERENDAS				
		LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
						
Para as merendas utilizarase bolsa pequena de tea, marcada co seu nome.	Para beber traerán unha cunca identificada co seu nome visible.	Galletas/ Biscoito caseiro	Froita	Lácteo	Froita	Bocadillo



OUTUBRO 2025



MONDAY

TUESDAY

WEDNESDAY

THURSDAY

FRIDAY

SATURDAY

SUNDAY

		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12  LEIRE
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	31		

OBXECTOS DE VALOR	BOLSA CONTO VIAXEIRO	AUSENCIAS E AVISOS	LEY DE PROTECCIÓN DE DATOS	CAMBIO DE DOMICILIO
				
Non se poden levar á escola obxectos de valor nin xoguetes. O colexio non se fai responsable.	Utilizarase a bolsa de tea do colexio para o transporte da carpeta do proxecto "Conto Viaxeiro".	As ausencias, as saídas do Centro ou calquera tipo de aviso, deberánse comunicar por esementia. As ausencias, incidencias do comedor deberánse comunicar por esementia a <i>Recepción Vigo-PAS</i> .	As familias non poderán sacar fotos durante os obradoiros, festivais, etc. O Centro encargarse de facer fotos e compartilas coas familias mediante diferentes medios.	As familias que cambien de domicilio, nº de teléfono, situación familiar, etc., notificarán en secretaría as variacións para actualizar os datos do alumnado e poder comunicar posibles incidencias que poidan xurdir.
ANIVERSARIOS	PROBLEMAS MÉDICOS	ENFERMIDADES	MEDICACIÓNS	ENTRADAS AO CENTRO
				
Só se poden repartir invitacións de aniversario si hai para todos os alumnos da aula. Non están permitidas as bolsiñas de larpeiradas.	O alumnado que presente alerxias, intolerancias alimentarias ou calquera doenza que repercuta na vida escolar, entregará á titora un informe médico que así o exprese.	Os nenos e nenas enfermas permanecerán nas súas casas ata a súa recuperación e informarán ao Centro da enfermidade.	Só podemos administrar tratamentos, se temos a folha de medicación do médico, indicando cantidade e hora.	Durante a xornada lectiva os pais/nais, non poden acceder ás aulas, nin corredoiros.